

Gravados rupestres no concello de Irixoa (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Neste artigo presentamos os gravados rupestres localizados ata a data no concello de Irixoa (A Coruña), que veñen a engadirse ós xa localizados pola nosa Asociación no limítrofe concello de Vilarmaior, e que fan desta zona un referente inequívoco da arte rupestre galaica.

Abstract

In this article we present the rock carvings found to date in the municipality of Irixoa (A Coruña), which add to those already discovered by our Association in the neighbouring municipality of Vilarmaios, and which make this area an unmistakable reference point for the art of galician stone carving.

I-INTRODUCCIÓN

Despois de varios anos adicándonos á localización de gravados rupestres no concello de Vilarmaior, fomos quen de traspasar a fronteira cara ó S, e este ano plantexámonos buscar unha continuidade deste fenómeno da arte rupestre no limítrofe concello de Irixoa. Como non podería ser doutra maneira os resultados foron máis que satisfactorios localizando un total de 23 paneis. Todos eles con representacións de tipo xeométrico, ó igual que sucede ó N no concello de Vilarmaior, ou ó S no concello de Coirós.

Convén sinalar que debido á extensión deste concello, non foi posible prospectalo na súa totalidade, e concentramos os nosos esforzos en localizar os gravados na zona N del. Aínda así fixemos algunhas visitas de seguimento á zona S para constatar que nela localíznase máis gravados que traspasan as beiras do río Mandeo xuntándose cos xa localizados pola nosa Asociación no concello de Coirós.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Irixoa ten na actualidade unha extensión de 68,6 km², divididos en sete parroquias: Ambroa, Churío, Curuxou, Irixoa, Mántaras, Verís e A Viña. Xeograficamente sitúase no interfluvio dos ríos Lambre ó N, e Mandeo ó S, con suaves montañas que alcanzan a máxima altitude ó L do concello, no Monte Pena Moura (715 m). Linda ó O cos concellos de Paderne, Miño e Vilarmaior; ó N cos de Vilarmaior e Monfero; ó L cos de Monfero e Aranga e ó S cos de Aranga e Coirós.

O clima é oceánico-húmido con matices continentais e temperaturas suaves, cunha media anual de 13'5°.

Xeoloxicamente o material predominante no subsolo son os granitos de dúas micas, debilmente deformados que é onde atopamos os gravados e que abarcan de N a S a zona O do concello, comprendendo a totalidade das parroquias de Ambroa, Mántaras e Churío

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

e a zona O das parroquias de A Viña e Irixoa. O granito de dúas micas moi deformado que abarca de N a S a zona central das parroquias de A Viña e Irixoa. En menor medida os xistos, cuarzo xistos, esquistos e lousas aparecen na zona oriental do concello.

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS GRAVADOS

Para unha mellor comprensión do texto describiremos os paneis de gravados seguindo as parroquias de N a S.

San Tirso de Ambroa:

Parroquia situada ó NO – O do concello. É, sen dúbida a zona máis interesante deste concello, e onde se concentran a gran maioría dos gravados (fig. 1).

1) Furado do Raposo (coordenadas UTM 572541 – 4797953, xeográficas $08^{\circ}06'18,92'' - 43^{\circ}19'48,5''$, cota de altitude 248 m). Trátase dun pequeno afloramento de 1,50 m de N-S x 1,80 de L-O e unha altura que oscila entre os 0,60 m polo N e 1,10 polo L. Nel podemos ollar catro pequenas cazoletas e unha cruz latina.

2) Xestal-1 (coordenadas UTM 571149 – 4796826, xeográficas $08^{\circ}07'21,25'' - 43^{\circ}19'12,46''$, cota de altitude 220 m.). É un conxunto de catro pedras, algunhas delas utilizadas como canteira. En total ocupan un espazo duns 10 m N-S x 4 de L-O, nelas hai un total de dez cazoletas de diferentes diámetros.

3) Xestal-2 (coordenadas UTM 571160 – 4796847, xeográficas $08^{\circ}07'20,75'' - 43^{\circ}19'13,14''$, cota de altitude 217 m). Separada uns 20 m ó N do anterior; trátase dun afloramento de 6 m de N-S x 1,70 L-O. Na parte N del ollamos sete cazoletas.

4) Fontenla (coordenadas UTM 571596 – 4795402, xeográficas $08^{\circ}07'02,07'' - 43^{\circ}18'26,15''$, cota de altitude 302 m). Trátase dun gran afloramento de 8 m de N-S x 16 L-O, que alcanza 1,20 m de alto polo L e S e vai descendendo cara ó N e O. A maioría dos gravados concéntranse na parte máis alta da pedra (S, foto 1). Nela localizamos dúas combinacións de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central e un deles con suco de saída; outra combinación de 43 cm de diámetro de catro aros, incompletos, con




Fig. 1.- Distribución de petroglifos na parroquia de Ambroa.



Foto. 1.- Parte alta do panel de Fontela.

cazoleta central e suco de saída que se enlaza cunha raia que vai a unha pía, posiblemente natural, duns 20 cm de diámetro. Dela sae unha raia cara ó N de 3,20 m de lonxitude. Preto desta combinación, hai outra pía duns 18 cm de diámetro da que tamén sae unha raia cara ó N de 0,70 m, en paralelo á anterior. Espalladas pola parte alta da pedra contabilizamos 35 cazoletas de entre os 7 e os 4 cm de diámetro, e un pequeno círculo con cazoleta central no fondo dunha gran pía natural. Pola caída L da pedra hai unha figura de difícil interpretación que está moi deteriorada e da que tamén sae unha raia dun metro de longo. Pola caída SO da pedra hai os restos dunha figura que puidera ser unha espiral cunha cazoleta central e unha raia que sae do aro exterior. Máis afastadas, no extremo O da pedra, hai dúas cazoletas e unha pequena combinación de dous círculos concéntricos, incompletos, con cazoleta central e suco de saída.

Grupo do Abeledo. Fórmalo ata o momento tres afloramentos. O primeiro deles subdividíremolo en catro (paneis 1 a 4), xa que ten unhas dimensións totais de 31 m de NL-SO x 12 de O-L. Maioritariamente está semi-soterrado, e nel localizamos catro pequenos paneis con gravados, todos separados entre si con figuras moi esvaecidas e deterioradas.

5) Abeledo-1 (coordenadas UTM 570849 – 4795296, xeográficas 08° 07'35,28" – 43° 18'22,97", cota de altitude 252 m). Está situado no extremo S do afloramento, ten unhas medidas de 3,80 m de N-S x 5 de L-O x 0,60 de alto. Nel podemos ollar unha combinación de tres semicírculos de 60 cm de diámetro, con bacía central. No mesmo panel localizamos tres cazoletas de entre os 5 e os 8 cm de diámetro.

6) Abeledo-2 (coordenadas UTM 570854 – 4795298, xeográficas 08° 07'35,05" – 43° 18'23,03", cota de altitude 252 m). Situado ó L do afloramento, ten unhas dimensións de 1,5

m de N-S x 4 de L-O, nel ollamos os restos dun círculo simple moi deteriorado, aproveitando un pequeno teto da pedra e atravesado por unha diaclasa.

7) Abeledo-3 (coordenadas 570861 – 4795312, xeográficas 08° 07' 34,74" – 43° 18' 23,46", cota de altitude 252 m). Situado ó igual que o anterior no L do afloramento. Trátase dun panel de 1,80 m de N-S x 7 L-O, nel ollamos os restos do que sería unha combinación de círculos en forma de oito, moi esvaecida e estragada polo L.

10) Abeledo-4 (coordenadas 570861 – 4795160, xeográficas 08° 07' 34,81" – 43° 18' 18,56", cota de altitude 252 m). Situado no extremo NL do afloramento, ten unhas dimensións de 6 m de N-S x 8 de L-O, e unha altura de 1,5 m polo N e 2,30 polo L. Aquí localizamos unha pequena combinación de dous círculos concéntricos moi estragados, con cazoleta central que están aproveitando un pequeno teto da pedra. No extremo da pedra, case na caída da mesma, unha pequena combinación moi esvaecida de tres círculos concéntricos con cazoleta central e suco de saída.

9) Abeledo-5 (coordenadas UTM 570607 – 4705160, xeográficas 08° 07' 46,08" – 43° 18' 18,64", cota de altitude 313 m). Trátase dun afloramento cunhas dimensións totais de 7 x 7 m. Encóntrase cortado polo S e moi estragado na parte alta, na que se enclavou unha torreta do tendido eléctrico. No pouco que se salvou da parte alta atopamos unha curiosa combinación de 3 círculos concéntricos de trazo moi estreito, con cazoleta central, na que os círculos non chegan a pecharse e sempre rematan noutra cazoleta. Separadas desta combinación hai outras dúas cazoletas.

10) Abeledo-6 (coordenadas 570693 – 4795037, xeográficas 08° 07' 42,32" – 43° 18' 14,63", cota de altitude 328 m). É, sen dúbida o máis interesante e completo de todos o paneis localizados ata a data neste concello. O afloramento ten unhas dimensións totais de 6,80 m de N-S x 10 L-O, e unha altura que alcanza 1,6 m polo L e S, descendendo ata ras de chan polo O.

A parte superior da pedra é bastante cha e está ocupada maioritariamente por unha gran pía natural, ó arredor da mesma atópanse os gravados máis interesantes (fig. 2). Ó L da mesma hai unha combinación de 2 círculos concéntricos, refundida na pedra, de 43 cm de diámetro, con cazoleta central e suco de saída, que se vai ensanchando ata formar unha peana, así mesmo do último aro saen dous apéndices con formas rectangulares e cuadrangulares (foto 2). Ó S da pía atopamos os restos de tres combinacións de círculos, un deles con cazoleta central e unha curiosa figura rectangular, de factura máis moderna, dividida en catro que presenta un apéndice semicircular polo O como se fose un asa. Ó NO da pía pódense ollar unha pequena cruz latina e unha dobre combinación de círculos concéntricos de 4/5 aros polo L e 3 aros polo O, realizadas con trazo moi estreito como os de Abeledo-5. Ambas combinacións teñen cada unha delas unha pileta central que están unidas entre si por un suco que as atravesa. Dese suco penden unhas raias horizontais polo L e unha figura ovalada polo O. Nesta parte alta contamos nove cazoletas de entre os 4 e os 8 cm de diámetro e trece piletas de entre os 6 e os 13 cm de diámetro que teñen unha profundidade de entre os 5 a 8 cm. (fotos 3-5).

No extremo NL da pedra, nun plano inferior, hai unha pequena repisa na que ollamos unha cazoleta solta e tamén un semicírculo con cazoleta central e suco de saída que atravesa un espazo circular baleirado e continúa para caer pola vertente da pedra.

Na ladeira S da pedra hai dúas combinacións semicirculares con cazoleta central; un círculo con cazoleta e suco que sae do exterior; os restos dunha combinación en forma de oito; un pequeno semicírculo con un suco moderno de 1,15 m de longo que se bifurca ó final; catro




Fig. 2.- Parte superior e lateral S do panel Abeledo-6.




Foto 2.- Parte superior, lado L do panel Abeledo-6.



Foto 3.- Parte superior, lado O do panel Abeledo-6.



Foto 4.- Lateral S do panel Abeledo-6.

piletas con círculo ó seu redor; doce piletas; nove cazoletas e unha figura en forma de oito con cazoletas centrais, estragada por unha greta (foto 4).

Na ladeira N tan só ollamos unha cazoleta con suco de saída. Mentres que na zona da pedra que descende cara ó O, localizamos dúas cazoletas e os restos de cinco combinacións de círculos concéntricos de dous a catro aros, todas elas con cazoleta central e dous deles con suco de saída. Esta é a zona da pedra que se encontra máis alterada e erosionada, polo que case con total seguridade albergaría moitas máis figuras que se chegan a intuír, pero que de calquera xeito están moi estragadas (foto 5).

11) Pena do Pico (coordenadas UTM 571714 – 4795180, xeográficas 08° 06'56,94" – 43° 18'18,92", cota de altitude 329 m). É un conxunto de tres pedras: unha vertical e carente de gravados, e dúas horizontais paralelas, que son as que conteñen os gravados (fig. 3). Na situada máis ó S localizamos vintedúas cazoletas de diferentes diámetros, unha delas situada no fondo dunha pía natural, e un círculo simple con cazoleta central. Na pedra situada ó N ollamos un semicírculo con suco de saída e unha cazoleta no mesmo aro; doce cazoletas simples (dúas delas no fondo dunha pía natural); unha cazoleta con suco de saída e outra cazoleta con suco de saída que une a anterior a dúas piletas de forma rectangular que se atopan nun chanzo inferior da pedra. Nesta mesma zona atópanse tamén outras dúas piletas rectangulares unidas a sendas cazoletas por un suco.

Grupo de Chousa Nova. Está formado por varios afloramentos que foron utilizados como canteira, e dos que na actualidade tan so conservan gravados rupestres dúas pedras. Nas outras dúas hai indicios deles pero están moi estragadas. Algo máis aloxada, situada na parte baixa do monte, cara ó O, hai outro afloramento que ten a representación moderna dun cadrado cunha cruz interior.



Foto 5.- Parte superior e lateral O do panel Abeledo-6.




Fig. 3.- Vista xeral dos gravados do panel Pena do Pico.




Foto 6.- Parte superior do panel Chousa Nova-1.

12) Chousa Nova-1 (coordenadas UTM 571471 – 4795012, xeográficas $08^{\circ} 07' 07,80'' - 43^{\circ} 18' 13,55''$, cota de altitude 309 m). Trátase dun afloramento inclinado cara ó S/SL cunhas dimensións de 5,50 m de N-S x 3,50 de L-O e unha altura de 1,20 m polo O. Nel podemos ollar catro combinacións de círculos concéntricos de 2/3 aros, todos eles con cazoleta central e tres delas con suco de saída; os restos doutras tres combinacións das que tan so se conservan semicírculos; 1 círculo simple e 5 cazoletas espalladas polo afloramento (foto 6).



Foto 7.- Vista xeral dos gravados Chousa Nova-2.

13) Chousa Nova-2 (Coordenadas UTM 571462 – 4795016, xeográficas 08° 07' 08,20" – 43° 18' 13,69", cota de altitude 310 m). É un afloramento cunhas medidas totais de 8,50 m N-S x 8 L-O e que forma un chanzo de 1 m alto ó longo do SO do afloramento. Os gravados aparecen na parte máis alta do mesmo (foto 7). Nel podemos ver unha combinación de círculos concéntricos de 3 aros (dous deles incompletos) de 52 cm de diámetro con bacía central e suco de saída; dous circuliños simples con cazoleta central; dezanove cazoletas e outra cazoleta con un suco de saída de 80 cm de longo.

14) Gramben (coordenadas UTM 571318 – 4794605, xeográficas 08° 07' 14,78" – 43° 18' 00,41", cota de altitude 329 m). O afloramento está moi alterado e cortado polo NL onde serviu de canteira; ten unhas dimensións de 5 m de N-S x 3,50 de L-O, e unha altura que oscila entre os 0,50 a 1,50 m. Os gravados localízanse polo lado S/SL, nel hai unha combinación de círculos concéntricos de tres aros incompletos con cazoleta central e suco de saída. Esta combinación ó igual que unha do panel Abeledo-6, semella estar refundida na pedra. Tamén hai restos de tres combinacións semicirculares con cazoleta central; cinco cazoletas e dúas figuras, unha ovalada e outra rectilínea, de difícil interpretación (foto 8, fig. 4).

15) Braña Redonda (coordenadas UTM 572249 – 4794674, xeográficas 08° 06' 33,41" – 43° 18' 02,34", cota de altitude 363 m). Trátase dun afloramento cunhas dimensións totais de 6,50 x 6,50 m e que alcanza una altura de 0,80 m polo S e polo O. Na zona SO da pedra localizamos tres pequenas combinacións de círculos concéntricos de tres aros con cazoleta central e suco de saída. Na parte oposta do afloramento un círculo simple de máis de 35 cm de diámetro. No resto do panel é posible que houbera máis gravados pero o grao da pedra está moi alterado.



Foto 8.- Vista xeral dos gravados do panel do Grambén.




Fig. 4.- Vista xeral dos gravados do panel do Grambén.

16) Abueira (coordenadas UTM 572752 – 4794812, xeográficas $08^{\circ} 06' 11,05'' - 43^{\circ} 18' 06,63''$, cota de altitude 392 m). É un pequeno afloramento de 1 m N-S x 1,60 L-O e 0,40 m de alto. Nel podemos ollar sete cazoletas, dúas delas unidas por un suco, e seis cruces latinas, unha delas unida por un suco a unha cazoleta.

Santaia da Viña:

Parroquia situada ó N do concello, na zona central. O granito de dúas micas pouco deformado, tan so se atopa na zona O desta parroquia. Nela localizamos dous paneis, nos que a única representación que hai son as cazoletas (fig. 5).

17) Riveira (coordenadas UTM 574361 – 4796098, xeográficas $08^{\circ} 04' 59,02'' - 43^{\circ} 18' 47,74''$, cota de altitude 284 m). Trátase dun afloramento a ras do chan nun pasteiro, que non sobresaia do terreo agás polo SL, chegando a alcanzar os 3 m de altura. É na pequena cornixa da parte superior onde podemos ollar os gravados: cinco cazoletas de entre os 7 e os 4 cm de diámetro.

18) Santabaia (coordenadas UTM 573738 – 4795484, xeográficas $08^{\circ} 05' 26,97'' - 43^{\circ} 18' 28,06''$, cota de altitude 312 m). É un pequeno afloramento de 0,90 x 1,50 x 0,80 m no que tan so puidemos atopar dúas cazoletas de 4 cm de diámetro.



Fig. 5.- Situación dos gravados da parroquia da Viña.

Santa María de Mántaras

Parroquia situada ó O do concello, moi rica en túmulos, e na que tan so localizamos dous paneis con gravados (fig. 6).

19) As Rozas (coordenadas UTM 573 651 – 4793432, xeográficas $08^{\circ} 05' 31,82'' - 43^{\circ} 17' 21,60''$, cota de altitude 480 m). Trátase dun afloramento a ras do chan formando un pequeno chanzo. Ten unhas dimensións totais 10 m de N-S x 5 L-O, na parte superior




Fig. 6.- Situación dos gravados das parroquias de Irixoa e Mántaras.

Foto 9.- Panel de As Rozas.



ollamos unha pequena combinación de dous aros, o exterior incompleto, con cazoleta central; no chanzo inferior unha gran combinación de círculos concéntricos de 80 cm de diámetro, con bacía central, e 6 aros, tres deles cortados e semidestruídos (foto 9). Convén salientar que a pedra está a rentes da pista asfaltada que leva cara ó lugar de Casagrande, cruce có repetidor da Lagoa. Por debaixo da pista asfaltada hai una canalización que verte a auga por enriba do afloramento, e ademáis a pedra serve de fronteira entre un monte de eucaliptos e un gran pasteiro, sendo por riba do afloramento por onde a maquinaria acede ó pasteiro. Aínda así o seu estado non é moi malo, pero de non adoptarse medidas é posible que desapareza nun corto prazo de tempo.

20) Monte de San Antón (coordenadas UTM 573028 – 4792933, xeográficas 08° 05'59,70", cota de altitude 435 m). É un pequeno panel a ras do chan no que localizamos como única representación catorce cazoletas de entre os 6 e os 4 cm de diámetro.

San Lourenzo de Irixoa

Parroquia situada na zona central do concello, e onde se atopa a capital municipal. Como xa dixemos o granito tan so está presente na parte O desta parroquia que é onde atopamos os dous paneis con gravados (fig. 6).

21) Oural (coordenadas UTM 575261 – 4793478, xeográficas 08° 04'20,36" – 43° 17' 22,50", cota de altitude 458 m). Trátase dun afloramento de 6 x 6 m e 2 m de alto polo L. Na parte superior ollamos cinco cazoletas; na vertente dúas cazoletas, un semicirculiño con cazoleta central e outras dúas cazoletas con suco de saída cada unha delas, ámbolos dous sucos bifúrcanse e chegan a ter unha lonxitude que pasa dos 2 m.

22) Cordal (coordenadas UTM 575774 – 4792677, xeográficas 08° 03'57,98" – 43° 16'56,21", cota de altitude 371 m). É un afloramento en forma de batolito, cunhas dimensións de 6,50 m de N-S x 5,50 de L-O e unha altura de 1,5 m polo Le O. As representacións están




Fig. 7.- Situación do gravado da parroquia de Churío.

localizadas maioritariamente na parte alta, nela podemos ollar un pequeno círculo simple con cazoleta central, un semicírculo con cazoleta central e treinta e dúas cazoletas de diferentes tamaños.

Santa María de Churío

Esta parroquia está situada na zona SO do concello e linda polo S co río Mandeo. Non foi prospectada, o panel que agora presentamos foi localizado cando se realizou o traballo dos túmulos deste concello (fig. 7).

23) Tesouro (coordenadas UTM 574336 – 4784546, xeográficas $08^{\circ} 05' 05,79'' - 43^{\circ} 12' 33,33''$, cota de altitude 290). É un afloramento de 2,50 m de N-S x 6 de L-O e unha altura que alcanza 1 m polo S. Na parte superior ten unha gran pía natural, preto dela concéntranse dezasete cazoletas de entre os 4 e os 6 cm de diámetro.

IV-CONCLUSIÓNS

Non imos facer unhas conclusións finais sobre os gravados deste concello, xa que como dixemos anteriormente non fomos quen de prospectar ben esta zona por falta de tempo, e con seguridade aparecerán moitos máis paneis con gravados.

Non obstante, os 23 paneis de gravados atopados ata o de agora presentan unhas particularidades con respecto ós preto máis de 140 paneis localizados no límite concello de Vilarmaior. De entrada en calquera dos dous concellos, e mesmo en todos os concellos do NL da provincia, as únicas figuras representadas son xeométricas, agás as catro antropomorfas de Vilarmaior. Pero en Vilarmaior son poucos os paneis nos que a única representación son as cazoletas, sen embargo en Irixoa son proporcionalmente moitos máis. En Vilarmaior os grandes paneis teñen como representación máis abundante as

distintas formas circulares, combinacións circulares, círculos simples, etc... e en moita menor medida as cazoletas. En Irixoa a proporción invértese e os grandes paneis teñen menos dunha ducia de combinacións circulares mentres que o número de cazoletas duplica ese número e mesmo chega en algúns casos a cuadriplicalo.

Debemos pensar que os individuos ou comunidades que os gravaron a pesares de compartir o mesmo ámbito xeográfico, xa que os concellos non están separados entre si por unha gran barreira xeográfica, senón polo río Lambre que escasamente pode alcanzar os 10 m de ancho, non deberon de ser contemporáneos. Tamén percibimos que os gravados realizados no concello de Vilarmaior están rematados con maior perfección, en detrimento dos de Irixoa moito menos traballados. A excepción é Abeledo-6, que quizais mereza unha mención aparte. Neste panel hai cazoletas e piletas. Entendendo por piletas unhas «cazoletas» moito máis gravadas e profundas. En principio pensamos que xunto ca figura cadrada da parte superior e un semicírculo con raia que vai dende o alto da pedra ata o chan, as piletas eran de factura máis moderna; sen embargo a figura dobre de combinacións de círculos concéntricos conserva no centro de cada combinación unha pileta, e ademais parte dos círculos da inferior tamén aparecen asociados a outra pileta, isto fainos pensar que é moi posible que estas sexan primitivas.

Insistimos en que non é posible facer unhas conclusións definitivas, xa que non fixemos máis que empezar a localizar gravados nesta zona, se ben é certo que a pesares dos moitos afloramentos que se conservan, non hai a mesma densidade de pedras gravadas que no concello de Vilarmaior.

Queremos manifestar o noso agradecemento a José Salgado pola súa labor desinteresada na realización das fotografías nocturnas deste artigo.